

**Escolma Poética. X Festival da Poesía /
Salvaterra de Miño / Setembro 1990**

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

Escolma Poética. X Festival da Poesía / Salvaterra de Miño / Setembro 1990 (2011 [1990]). Salvaterra: SCD Condado. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1400>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

Escolma Poética. X Festival da Poesía/ Salvaterra de Miño / Setembro 1990 (2011 [1990]). Salvaterra: SCD Condado.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

FESTIVAL DE POESIA
NO CONDADO

SALVATERRA 1990



15 E 16 DE SETEMBRO

X

ANIVERSARIO

ESCOLMA POÉTICA

ESCOLMA POÉTICA
X FESTIVAL DA POESÍA

SALVATERRA DE MIÑO/SETEMBRO 1.990

Motivo da portada: Saulo
Traducción: Antonio Mascato
Coordinación editorial: M. Soto e X. A. Suárez
Deseño: Pepe Carreiro
Impresión: Grafismar Vigo, s.l.

Colaboran:
Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Cultura)
Deputación Provincial de Pontevedra
Concello de Salvaterra

INDICE

A POESIA COMO COUSA DE COMER	11
GALICIA	15
<i>Manuel María</i>	17
<i>Margarita Ledo Andión</i>	21
<i>Júlio Béjar</i>	25
<i>Bernardino Graña</i>	31
<i>Marta Costa</i>	35
<i>Rafael Vilhar</i>	39
<i>Miro Villar</i>	43
<i>Calros Manoel Solla Varela</i>	47
<i>Darío Xohán Cabana</i>	51
<i>Xela Arias</i>	57
<i>Miguel Anxo Fernán-Vello</i>	63
EUSKADI	67
<i>Imanol Irigoien Aranberri</i>	69
<i>Edorta Jimenez Ormaetxea</i>	73
PAISOS CATALANS	77
<i>María Olear i Font</i>	79
<i>Josep Igual</i>	83
PORTUGAL	87
<i>José Viale Moutinho</i>	89
<i>Rui Duarte Mangas</i>	93
DEZ VOCES PARA UNHA DÉCADA	97
AGRADECIMENTOS	101

A POESÍA COMO COUSA DE COMER

Se ela lle di a el que *ñaca*, xa sabemos que *ñaca*. Per se o que se din é *ñan-ñan* é que consideran que o tempo é comestible e que as cousas de comer enchen a boca. O desexo contrariado pódese chorar *tipo sniff-tipo bua* com di algún poema de **B. Atxaga**. Pero ela e el saben que as interxeccións de dolor tamén expresan pracer. Ela e el decidiron habitar no mundo das onomatopeias e apropiarse dun código case perfecto no que non existe o empeño inútil de distinguir demasiado entre a dolor e o pracer ou entre a inronía e a ternura.

Ela e el conquistaron así a poesía e teceron un saber renovado imaxinando cousas que xa foran imaxinadas pero que queren volver a imaxinar.

A poesía, é unha onomatopeia de cristal *moi durísimo* nun mundo de ruído informatizado, a poesía só pode sobrevivir como onomatopeia entre os ruídos que fan os ladróns do templo e a confusión que se quere presentar como certeza oficial, a poesía non é a cultura administrativa nin a retórica chulesca dos políticos profesionais, a onomatopeia é o punto de resistencia da poesía desque a literatura foi substituída polo xornalismo e o pensamento pola opinión disfrazada de información. É irremediable que a poesía xa non teña que ver co ocio pero a poesía segue a expresa-lo pracer e a dolor, o tempo doméstico e o tempo da historia.

Ela e el saben que un poeta negro dos días nos que o *rap* non andaba aínda polas listas de éxitos dixo que *a revolución non será televisada* e non quería dicir nada nin bo nin malo da televisión, quería dicir que a revolución (a poesía, a ironía, a ternura, a ausencia da miseria, o reino da liberdade) é un acto individual de conciencia e reflexión colectiva que non cabe nas pantallas da TV. É como a gastronomía que resulta tremendamente aburrida cando se televisa porque a TV non enche a boca. A poesía non será televisada porque enche a boca como a ilusión salgada dos

corpos que se aman entre onomatopeias comestibles e a convicción clara dos seres humanos que deciden que se algo cambia debe ser para que algo se transforme.

Ela e el posiblemente non existan máis que neste torpe escrito pero si existe a *Festa da Poesía no Condado* que é como unha onomatopeia espontánea e liberadora no medio dun ambiente cultural aburrido e mediocre, un berro independente entre o marmurio administrativo-cultural da intelectualidade *dandy-oficialista*, algo que pasa tódolos anos onomatopeicamente, porque si, porque les petá ós bons amigos do Condado e deciden facelo sen que ninguén llelo mande nin llelo poña fácil, porque empeñan nisto o seu esforzo colectivo para que a poesía ano tras ano nos encha a boca e nos alimente, e aínda que non nos faga máis libres nos recorde a posibilidade de selo, porque, como dicimos **Os Resentidos** nos nosos concertos, *estamos en guerra pero hai que reflexionar*.

Ñaca e ñan-ñan para todos.

A.R. Reixa
Agosto, 1.990

GALÍCIA

MANUEL MARIA

(Outeiro de Rei, Terra Chá, 1.929)

É o poeta de máis criativa e faturenta obra poética que deu Galiza nos últimos tempos. Desta ampla obra cabería suliñar esta escima de títulos: *Poemas ao Outono*, *Poemas pra construír unha patria*, *O libro das Baladas*, *Catavento de neutrós domesticados*, *As ruas do vento ceibe*, *Os soños na gaiola*, *Poemas da labarada estremecida*, *Versos de lume e vagalume*, *A luz resucitada*, *Terra Chá*, *Oráculos para cabaliños do demo*, *As lúcidas luas do outono...*

Manuel María

AO REGATO DO CEPELO

O pequeno e humilde regato do Cepelo,
que nace e morre na miña propia tribu,
ten a sutil fraxilidade dun salouco,
o delicado arpexio máxico dun chíó
e pasa, como unha canción de amor,
rozando e agarimando á terra lene,
pura, estremecida e alertada.
A increíbel levedade da sua auga
faise fidel espello pra levar consigo
a miña imaxe: única eternidade
que a piedade do deuses me concede.

(De **A luz resucitada**, 1.984)

ODE AO VIÑO

ÚNICO consolo que nos deixaron
os deuses cando a vulgaridade
e a mediocridade os espulsaron
de entre os homes. Sangue que
vivifica a nosa lúcida vellez
apaixonada, enchendo
de brétemas sotís a fantasía.
Beleza e xuventude do mundo
que non te negas a ninguén
e que só te dás de verdade
a aquel que sabe facer de tí
compaña, destino e sacramento.
¡Únicamente tí, viñiño amigo,
eres a seguranza e a certeza!

(De **As lúcidas lúas do outono**, 1.984)

MARGARITA LEDO ANDIÓN

(Castro de Rei, 1.951)

Profesora de Comunicació Audiovisual da Universidade Autónoma de Barcelona e xornalista. Dirixiu **A Nosa Terra** máis **Escrita**; fixo o proxecto do mensal sindical **Adiante** e o deseño da revista de mulleres **Festa da Palabra Silenciada**; investigadora da comunicación, é autora dos ensaios **Prensa e Galeguismo** (1.982) e **Foto-xoc e xornalismo de crise** (1.988).

Publica dous cadernos de poemas ó inicio dos setenta. En 1.973, edita **O corvo érguese cedo** e dez anos máis tarde fai entrega do libro de narrativa **Mamá-fé** para, xa en 1.985, presentar a novela **Trasalba** e, tres anos máis tarde, **Porta blindada**. Tamén, e na súa obsesión pola mistura de materiais artificiosos e do real do noticiario, editará **Linguas mortas**, serial radiofónico, textos que por entregas foron saíndo nas diferentes edicións deste festival e que son parte dunha emisión pirata de radio, na *Pedrera* barcelonesa, que se identificaba como **A raia do índio**, en homenaxe a un dos textos de Comunicación de Luís Seoane.

MARGARITA

A PISTA BÚLGARA

Déronse, polos Mass Media
-ou sexa, polos Mass Media-
168 versións
-ou sexa, 168-
do atentado ao Papa
-ou sexa, da falanxe cristiana en Beirut-.

Falóusenos dun tal Antonov que coma o seu nome indica
ténvos que ser galego
pero despois resultou que non había tal bicho vivinte pola
piazza*
-San Andrés de Teixido
vai de morto
quen non vai de vivo-.


Agora resulta que os comunistas ganan as eleccións.
Admítense apostas.
Imos aló.
Eu, pola pista búlgara.

*Todo parez indicar que aquel tipo, de espelluelos de cónchega, facendo que escoitaba a plática na piazza de San Pedro era Moure-Mariño disimulándose tra-la medalla Castelao para que as nosas tragadeiras amplen de vez ate o máis alá.

JÚLIO BÉJAR

(A Corunha, 1.964)

Diplomado en Relações laborais, fixo estudos de Filología. Tem colaborado em diversas revistas, das que cabe destacar *A Nosa Terra*, *Luces de Galiza* e *Espiral*. Junto com outros companheiros, promoveu a publicação de carácter independentista *Iskreiro*. Tem aportado material laterário a dois livros colectivos: ***Igor de albatros em Selene*** (Ed. Cem Águas, 1985) e ***Fogo Cruzado*** (Ed. AGAL, 1989). Foi finalista no Prémio Esquio de poesia 1986 com o poemário ***De naufrágios*** (inérito).

A large, stylized handwritten signature in black ink. The signature is written in a cursive, flowing style. It begins with a large, sweeping loop on the left, followed by a series of connected loops and curves that form the name 'Júlio Béjar'. The final part of the signature is a long, horizontal stroke that extends to the right. The signature is written over a light background.

END OF THE NIGHT

Esta noite industrial, distorsonada, que destila lujos e movimentos eléctricos nos reclusos de néon e vidro, esta noite de orgasmos comunicados baixo búnkers, de vômitos e babas degradadas no caos e o desastre. Arquitectura perfeita de nervos ou transistores ébrios (que procriam num suplício de insónios as cidades chegada a fria hora de crispadas carícias atonais invadindo espaços elegantes nos asépticos silos). Essa hora de Haendel e fármacos em combustão interna através das artérias clandestinas do ressentimento.

AS FLORES DO OLVIDO

"...excitado pela minha nova vida."

(Gregory Corso)

Agardando tras um cristal imundo pela chegada do pássaro gris.
Maravilhoso silêncio vespertino de um outono moribundo
que se derrama como o jazz sobre este veludo tingido de cinças.
Ser partícipe de um entorno imóvel como se fosses um insecto raro,
agardar onde nenhuma luz se filtra e não querer partir.
Assistir desde o borde da desolação ao espectáculo do espelho
onde alguém de similar especto ao teu se degrada lentamente.
Esse ritmo imperceptível das agulhas do relógio indo cara atrás
que te injecta vícios e surpresas no minúsculo espaço do quarto.
Encenderás a barrinha de sândalo e inalarás velhos rituais
quando com o estrondo do motor apagado o eco desta noite blasfema
anuncie a chegada do pássaro gris desgranando navalhas como rosas.
E então, baixo um rumor de incertidumes, verterás um líquido sem sol
no poro acostumado, abandonando o volume aproximado da cabeça
-incrustada definitivamente na noite- numa rigidez de algodões
e acquarelas, impetuosa e comovedora, num instante de veludo azul.

BERNARDINO GRAÑA

(Cangas do Morrazo, 1932)

É cofundador, en 1958, do grupo **Brais Pinto**. Impulsou a creación da Asociación de Escritores en Língua Galega e foi o seu primeiro Presidente, no período de 1980 a 1982

Ten publicados cinco libros de poesía: **Poema do home que quixo vivir** Brais Pinto, Madrid, 1958. **Profecía do mar**, Col. Salnés, Galaxia, Vigo, 1966. **Non vexo Vigo nin Cangas** Col. Val de Lemos, Monforte. 1975. **Se o noso amor e os peixes**. Edicións Xerais, Vigo, 1980. **Sima-cima do voar do tolo**. Algalia, A Coruña, 1984

A large, stylized handwritten signature in black ink, likely reading 'Bernardino Graña', with a long horizontal stroke extending to the right.

TESTAMENTO

Deixádeme en Rodeira,
no areeiro de Cangas,
xunto ó mar.

A area é cemiterio,
e o mar, que non ten medo,
virá comigo sempre
por xogar.

Enriba andaré a xente,
mulleres, nenos, mozas
a enredar.

No inverno os mariñeiros
do Forte ou de Balea,
de Moaña..., virán rexos
por pescar.

Así, xunto ó escumallo,
serei area, cuncha,
fonte de iscos,
e os peixes medrarán.

Se morro, xa sabedes,
deixádesme en Rodeira,
no areeiro de Cangas
xunto ó mar.

PRAIA EN CALMA

Unha ola
mol e fonda,
forte e donda
polo mar.

Unha leda
roda de auga
como seda
no areal.

Gota a gota,
pola area,
loce bela
co pai sol.

E na noite
loce estraña
coa nai lúa,
no luar.


Coa marea
pula e zoa,
trae á terra
brisa e sal.

Mais na beira
hai unha fada
que pon calma,
o ben calar

MARTA DA COSTA

(Vigo, 1966)

Estudante de Filoloxia, é unha das promesas máis firmes da xoven poesía galega. Colaboradora de diversas publicacións de temática poética, ven participando activamente no Festival da Poesía no Condado.

A stylized, handwritten signature in black ink. The signature is written in a cursive, flowing style. It begins with a large, looped 'M' and ends with a long, sweeping horizontal stroke that extends across the width of the signature.

Un poema de sangue non se fai nun minuto,
coma guerra que estoupa, enxéndrase nos anos,
cada dorido golpe arrinca do granito
das nosas mans, as liñas que denuncian palabras.

Cada palabra un golpe e cada letra sangue,
cada paso na fronte un século de ira,
cada morte de home, esperanza prometida
con base no vento que lle levou a fala.

E estes os alicerces da débil poesía;
estes os cimentos en que non construímos nada;
para que estas vigas de pesados cadáveres,
para que ser fillos de guerras acabadas.

RAFA VILHAR

(Cee, A Corunha, 1968).

Estudante de Filologia Galego-Portuguesa, colabora na carpeta de poesía *Ao mar de adentro*, poemário colectivo de trinta autores galegos, de edicións *O Dragom* (1989) e na revista *Olisbos, os amantes da palabra*. Foi distinguido cos premios Minerva (Compostela, 1985), Concelho de Culheredo, para autores de menos de 18 anos (1985), Sociedade Liceo de Noia (1989), e foi segundo no Certame de Poesía A.C. Rosalia de Castro (Cornellá, 1989). Fíxose acreedor, tamén, ao primeiro premio de narrativa da Comissom cultural da Facultade de Filologia, em 1990.

Rafa Vilha

na luta, companheira,
está a razom
de ficarmos aqui hoje
apurando cada instante
na luta, companheira na luta

desde este humilde quarto
de obreiro
prometo-che o fim da tirania
porque nas maos levo o trabalho
e na frente a memória colectiva

e se algum dia dis que eu mentim
direi que nom, que fum vencido

abraçamo-nos numha intensa brisa
de mineral e lábio ébrio

resgatamos de entre a pel
o louco sal e o contacto

deixamos que as bocas busquem
e achem e se aproximem e se derretam

deixamos um rio de saliva interminável
a esvarar coas roupas

deixamos enfim um tremendo rasto de violeta
desde os corpos até o chao

MIRO VILLAR

(Cee, A Coruña 1965)

Gañador de numerosos premios de narrativa e poesía, entre os que cabe destacar os acadados no XI e no XIII Certamen Nacional de Narracións Curtas do Patronato do Pedrón de Ouro, polos relatos ***Augas no silencio*** (1985) e ***Verbas cruzadas con Amaranta*** (1987); no V Certame "Curuxa do Humor", convocado polo Museu do Humor de fene, con ***Naufráxio dun relato***; e no VIII Certame Literario Concello de Culleredo coa narración ***Laberinto de Arrautos***.

En poesía, foi acreedor a premios nos certames da A.C. Rosalia de Castro, en Cornellá e da do mesmo nome, en Sestao así como nos concellos de Begonte, Neda e Porto do Son. Participou na publicación colectiva ***Ao mar de adentro***. Edicións do Dragón, 1989

Veñ colaborando con artigos de reseña literaria no semanário ***A Nosa Terra*** e na revista ***Luzes de Galiza***. Publica poemas en varios números da revista ***Olisbos, os amantes da palabra***, da Facultade de Filoloxia.

A large, stylized handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke.

CURRICULAR HISTORIA DE OUTONÍA

fazer literatura dun fonema,
unha comenenzuda estrataxema
fuxir do compromiso, da ousadía,

ser servente escritor, mercadoria,
ser poeta do goberno, do sistema,
coa pruma convertida nunha alxema,
sendo esquivo a calquera tropelía.

Pero os meus adxetivos e obxectivos
son aves migratorias, pasaxeiras
como o voo dos teus ollos fuxitivos

que escollen de primeiras ser danados
por arqueiros de frechas ben certas
denantes de ficar sempre engaiolados.

COS ZAPATOS MOLLADOS PERCORRÍN [COMPOSTELA

na procura de pedra que miman os teus
[dedos,
por vellas fendeduras escoitei rosmar
[credos
encubertos por fiestras pechas con
[tarabela.

Os pasos postergaron o eco da cantarela
baixando polos viños, entre cantos máis
[ledos
mesturados co aroma de riveiros acedos,
de onde fuxín lixeiro por no ter nen cadela.

No Toral un concerto da banda co concello
fixo que o desconcerto propio vira no
[espello
que os pés atarecados desexaban quentura,
vin que espreitantes rostros pelexaban
[comigo
xulgando-me de parvo por non estar ao
[abrigo,
nengunha chuvia molla como empapa a
[amargura

CALROS MANOEL SOLLA VARELA

(Autobiografía)

Á sombra da urbe enfermiza, envolveita na sedosa ficción do exótico, á sombra dunha Vella Ponte, acochada nos arquivos dun al Teucro, "O Conqueridor", á sombra dun Tempo, fosilizado no cálido ronsel de lúas finxidas...

Fai, seica, dezanove anos, dezanove anos de soños e espranzas, dezanove anos de aprendizaxe vertixinoso. ¡¡Os mellores dezanove anos da miña vida!!, e nin sequera sei se de certo foi ben empregado o preciado froito dos reloxios...

Pontevedra, miña pequena Pontevedra, endiañada femia, nai, madrastra, máximo carrussel, dono da vida en corenta voltas; coma unha noiva de vidro, unha bagoa; coma unha miñoca de Coca-cola, esbarando pola autoestrada dos homeiros de acartado perfil, nos que se chora nesas noites de "sábado chuvioso".

Dezanove anos de vagamundo, dezanove anos aloumiñado pola enfeitizadora atmosfera dese Val, engulido polo voraz apetito dun mar que ás veces semella flotante mortalla á deriva...

Pendurado da ancestral xenealoxía, dos que "Levan na fronte unha estrela, dos que levan no bico un cantar", dos que espallan ao vento a nosa cultura, a nosa lingua, a "Lingua proletaria do meu pobo", a miña identidade; fillo da Terra, noivo da Terra, por sempre no leito verdescente das Túas chairas, tódalas noites da miña morte en branco e negro...

Un tal 2-4-1971, dezanove anos en galego...

...É o único que teño.

Calros Manoel Solla V

RUEIRO SILANDEIRO

Lémbrote, escura,
coma a curuxa dos cinematógrafos
Lémbrote, petroglifo,
na almofada,
no grilo insomne das esmorgas,
cando sofocan as urbes
o laiar metálico,
non sempre comprendido.
Lémbrote, cálida pantasma
de exóticas feituraas,
vetusta carruaxe
dona dun extratemporal
itinerario.
Lémbrote,
coma un final...
...Non inminente...
...Non lonxano...
...coma unha paréntese
engaiolada
polo trovar silandeiro
dos penedos,
engaiolada polo fúnebre alento
das caixiñas de música...
Ameazante cefalea,
furtiva dor
de cimentos resentidos.
lémbrote, herdo,


coma o reloxo de peto
dun avó, non coñecido,
coma a bagoa menciñeira
cuspindo do home, a besta.
Lémbrote, fatídica arañeira,
laberíntico rueiro
onde cada madrugada emborráchanse
[as tebras dun Val,
traicionado polo Tempo.

Lémbrote ... ¡Viva!

DARÍO XOHÁN CABANA

(Roás, Terra Chá, 1.952)

Unha das grandes figuras da poesía galega, vense a desvelar nos últimos tempos con igual dimensión nas suas facetas de traductor e narrador. A traducción ao galego de Petrarca e o premio *Xerais* pola sua obra *Galván en Saor*, veñen de consagrar ao creador chairego coma unha das persoalidades máis brillantes da literatura galega contemporánea. De obra poética intensa, caberían destacar os seguintes títulos, *Romanceiro da Terra Chá*, *Ábrelle a porta ó día*, *Verbas a un irmao*, e *Home e terra*. É un dos poetas máis musicados de Galícia.

A large, stylized handwritten signature in black ink. The signature appears to read 'Darío' in a cursive script. Above the main body of the signature is a long, sweeping horizontal stroke that curves upwards at the right end. Below the signature is a long, straight horizontal line that ends in a small hook on the right.

O ORIOLO

Que habemos de facer, camarada, no visgo destes días
en que parece inútil levantarse ante o vento
e ante o lume das cousas de incansable dureza,
que habemos de facer ante o muro imbatible do tempo
que ante nós se levanta cada vez máis inmóbil
e non flúe e persiste sempre igual a si mesmo.

Nós tiñamos noutrora outros ollos cravados,
camarada, outros ollos alerta que ben vían brillar
movementos continuos nos reflexos cambiantes das cousas,
e alteirosos coidados florecían nas tempas
onde agora florecen experiencias canosas que veñen
impoñermos saberes non buscados e incertos.

Costa abaixo corrían, camarada, os camiños do tempo,
costa abaixo pró cume que soñaban as vontades alegres
coma o ledo paxaro que é chamado oriolos e non canta hai xa moito
na vaganta espaciosa que ante nós se estendía
e era a patria soñada socialista e florida de rosas vermellas,
e un dourado oriolos revoaba e cantaba entre as árbores.

Fume gris oufegante recubriu toda a patria,
e o verdor dos carballos, camarada, e o cantar dos paxaros
nebra son e barruzo e oquedade e silencio,
porque é o tempo esmagado do espertar daquel soño
que nos puña ante os ollos que eran outros a espada de lume
por mans fortes brandida que eran moitas e ousadas.

Eran débiles mans, camarada, e eran poucas e tímidas,
incapaces de golpe e proeza esas mans entre as que eran as nosas
impacientes gadoupas sen dureza e sen nervio,
porque un tempo de inmóbil estancia xa estaba chegando
pra ser dono da patria e apreixar o seu curso
nos cativos remansos onde o lodo repocha.

Mais se as mans fraquexaban e eran febles e poucas,
hai espada de lume, camarada, hai espada, e non cesa
de pender a súa punta sobre a testa da besta,
e é o seu puño empuñado por memoria e vontade invencible,
por desexo invencible e frustrado a cotío
e a cotío vencido e invencible e nacente e fogoso.


Soña cabo de min, camarada, contraponte ó silencio das cousas,
presta oídos ó lonxe rumor do oriole do monte,
soña a espada da patria temperada en batallas doutroa
que xamais concluíron en victoria ou derrota
soña cabo de min a batalla perpetua e o berro
do soberbo oriole entre as árbores verdes da patria.

XELA ARIAS

(Lugo, 1.962)

Ten colaborado en publicacións coma *Dorna*, *A Nosa Terra* e *A festa da palabra silenciada*. Ten traducido ao galego ***O gato gaiado e a Anduriña Señá***, do brasileiro Jorge Amado; foi premiada pola Asociación de Escritores en Lingua Portuguesa pola traducción de ***Amor de Perdição***, de Camilo Castelo Branco. Fixo, igualmente a tradución de ***O bosque animado***, de Wenceslao Fernández Florez.

En 1.986, publica o poemario ***Denuncia do equilibrio***.



Non é xusto que destroce estas veces a balazos
de confidencias.

Nin que espere que comprénda-la demanda
de certos inconclusos ademáns.

Querería de ti... ¡un rito!
(Que incumpriría.)

¡Unha mentira!
(Que denunciaría.)

É por iso que reviso a teoría
e prefiro
as túas mans cando están quentes,
a túa lingua
cando non sabe de idiomas no arquipélago do meu corpo,
as túas palabras cando medran
coma os vexetais (por auga e sol)
e non precisan abonos de razón.

Non é xusto
Amar unha parte de ti e abrilas todas.

ACOMPÁÑAME

Son dun tempo
de espectáculos, lanternas e acebeches comigo.
tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.

Na raia da evidencia -tan ás claras-
eu tributo, distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no malestar do cotián ese
odioso caníbal dos meus ollos.

Porque
sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos,
e máis das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio de vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza.

MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO


(Cospeito, Lugo, 1.958)

Realizou estudos de psicoloxía e filoloxía na Universidade de Compostela e de Guitarra Clásica no Conservatorio da Coruña.

Autor de teatro con varios textos publicados, recibiu en 1.988 o Premio *A Biblioteca do Arlequín*, de Sotelo Blanco Edicións, pola obra ***Cuarteto para unha noite de verao*** (1.989).

Como poeta publica ***Seivas de amor e tránsito*** (1.984; 2ª ed., 1.985; Premio Nacional de Literatura estatal no 1.985); ***Do desexo en corpo e sombra*** (1.984; Premio Celso Emilio Ferreiro, da cidade de Vigo); ***Memorial de brancura*** (1.985; Premio Esquíu 1.984); ***Libro das paisaxes vivas*** (1.985); e ***Entre água e fogo (Cantos da terra posuída)*** (1.987). Participa asemade nas antoloxías ***De amor e desamor*** (1.984) e ***De amor e desamor II*** (1.985).

En colaboración con Francisco Pillado Mayor publica en 1.986 (Ed., Sotelo Blanco Edicións), ***Conversas en Compostela con Carballo Calero***; e, en 1.989, ***A nación incesante, Conversas con Xosé Manuel Beiras***.

A large, stylized handwritten signature in black ink, reading 'Miguel Anxo Fernán-Vello'. The script is fluid and cursive, with long, sweeping strokes.

VINAGRE E MEL

A luz é un fruto caído no verao. O ar
arde inmóvel como unha morte dentro da mañá.

O vidro ten sabor a río quente. Bebes
o azúcar da sombra queimando a lingua até
unha estrela fría. No corazón
hai un oco de cinza que deixou a terra azul
dun beixo. Bebes o sol que entra
na axila doce da cabeza.

O sangue ferve como un licor obscuro. Mordes
o xesto acedo do meio-día.

Amendoal amaro, un lábio verde,
unha boca acibrada, erva de cobre
até unha dor deserta de árbores celmosas.

Bebes o xáspeo alento dos ácios requeimados
como a madeira vella que arde na água
do crepúsculo. Bebes as flores brandas
que murcharon no forno húmido da noite.

Nos ollos hai meses incendiados e un pesadelo que ten
sabor de seiva e amasillo de luas.

A luz vindima as horas até un líquido espeso,
substancias que levedan a ferida brillante de toda a sede xunta, amargo pozo, alustro,
agulla alvar, deleito! Bebes
entre o prazér e a dor, na fonte clara,
o desexo atado ao corazón do espello.

EUSKADI

IMANOL IRIGOIEN ARANBERRI

(San Sebastián, 1.940)

Licénciase, en 1.965, en Ciencias Empresariais. En 1.970, iníciase na pintura e, en 1.981, celebra a súa primeira exposición individual. A partires deste momento, colabora en diversas publicacións sobre temas de plástica, sendo nomeado membro de diversos xurados en certames de pintura, cartelismo e fotografía. En 1.982, comenza a ilustrar a obra narrativa do seu irmán (**Juan Mari Irigoien**) e en 1.988 publica o seu primeiro libro de poesía ***As distancias interiores da luz***, que foi merescente, en 1.988, dos premios *Lizardi* do Goberno Basco e o da *Crítica* (1.989) do Estado.

IMANOL IRIGOIEN ARANBERRI

ZELATAN

"Badira koadroak zeinetan ezer ez
egon arren, oro dagoen."

Camille Corot

Entzun dut, ateak zabalik,
oihalaren zuria;

otalorearen apainduran
argi-oilarraren mintzoa.

badakusat, baitere,
gerizaren espaloietan
arrats-orenen zain
mendietako aihartzuna,
uhin-aleazioz aireztatua,
bakardade lehorrean ugerlari.

Nigarraren odolak hartuta,
goroldio hezetasuna gogoan,
haranetan urregorri den oihartzuna,
birakor, kolpeka,
jauzi basatien pausoa
arrail gabeko argizuloaren zelatan.

("Argiaren barne-distantziak" etik)

A ESPREITA

*"Hai cadros, onde, non habendo nada,
haino todo"*

Camille Corot

*Escoitei, as portas abertas,
a brancura do lenzo;*

*Enfeitado coa frol da xesta
o repique da bubela.*

*Contemplo tamén
nas beiras da sombra,
agardando as horas da noite,
o ecoar dos montes,
aireado por unha mestura de ondas,
nadando no ermo da soidade.*

*Prendido pola sangue en pranto,
na súa lembranza a humidade do musgo,
o eco, que nos vales xermola en ouro e
grana,
xirando sempre, golpe a golpe,
ó paso dos brincos selvaxes e
á espreita dos sartegos -sen fendas- da
luz.*

(de As distancias interiores da luz)

EDORTA JIMENEZ ORMAETXEA

(Mundaka, Bizkaia, 1.953)

Mestre Industrial en Electrónica e Profesor de Filoloxia Basca na Escola de Maxistério de Bilbao e de euskera na A.E.K. (Cordinación de Alfabetización Basca), colabora en diversos xornais e revistas; traduce obras de teatro para o grupo Karraka, sendo autor do guión **Gernika, 16,30**, levado á escea polo grupo Maskarada.

Ten publicadas as seguintes obras: **Itsastxorien Bindikapena**, (1.984); **Egutegi Esperimentala**, (1.985, Premio Bergamin-Etxabarrieta); **Gizaeuropa** (1.986); **Gaua Zulatzen duten ahausitan** (1.987, Premio Azkue); **Ez dakite airea hiltzen** (1.988, Premio en Certame do Comic de Basauri) e **Odoleko Eskifaia** (1989), Premio Azkue.

EDORTA JIMENEZ ORMAETXEA

BIGARREN GAIA
THE END/JIM MORRISON

Azkena da anaia
azkena.
Kurtz komandatea
bizarra egiteko guillettaren ahoan behera
labantzen da
lepoz/ahoz gora
eta orratz hipodermikoak
Herioren aitzur bilakatu dira.
Azkena da neba
azquena.
Gorpuez ere indako oihanean
deltarik ez
goranzko errekarik ez
odol hotzezko itsaso ubel
hau baino.
Azquena daarreba
azkena.
suge beroak dabilta
zainetako labirintoetan
eta ibai
bakarra
isiltasun hau da.
Azkena da ene laguna
ene lagun bakarra.

THE END / JIM MORRISON

É o remate, irmán (1)
o fin.
O coronel Kurtz
esvara sobre o fio dunha folla de afeitar.
de costas.
boca arriba.
e as agullas hipodérmicas
mudaronse en eixadas
da morte.
É o remate, irmán, (2)
o fin.
Na selva sementada de cadavres
non hai delta nengún
nin rio ascendente
só este chaguento mar
de sangue fría.
É o remate, irmá (3)
o fin.
As serpes corren quantas
polos labirintos das veas
e o único río
é
este silêncio
É o remate meu amigo
meu único amigo.

(1) irmán de irmán.

(2) irmán de irmá.


(3) irmá de irmán.

PAISOS CATALANS

MARIA OLEART I FONT

(Barcelona, 1.929)

Poeta, narradora e articulista do equipo de redacción da *Revista Alella*, ten unha gran produción literaria publicada en diversas antoloxias poéticas e de narrativa, entrevistas, contos infantís, etc., no diario *Avui*, *Tretzevents* e *Rodamón*. Catro libros de poemas, ***La mort i altres coses***, ***Enllà***, ***M'empasso pols quan beso la terra***, e ***Versos a Anaïs***; unha novela para nenos, ***Les oríades*** e un libro de narracións ***Contes estrafets***. Ten moita máis obra, lamentablemente inédita e, pendente de publicación, ***Solitud***, conxunto poético, premio *Caterina Albery*, e para o que a Generalitat de Catalunya convocou un premio de ilustración.



(De Versos a Anaïs)

T'explicaré el llessamí
del capvespre de tardor.
I tu, dona múltiple d'amor,
la blancor dels orgasmes diversos
i el perfum de l'aquí d'abans,
quan ser jove era el fet quotidià
dells llargs dies plens o escurçats
pel punyent desig del flairós llessamí
enfilat a la finestra de la pell.

Estic segura que hi ha dones vermelles
que s'autocremen con el foc.
la teva exacta presència
assenyala la manera de dir-ho tot
i repetir-ho.
Les paraules que es formen
i reformen i s'escolten, escolades
com l'eterna sang de les dones
una a una.

LLUNA NADA DE LLUNA

Ver o mentida heus ací
la dificultat d'escatir-nos el cos.
La lluïssor d'astre nocturn
davant el porticó entreobert
de tants rostres, tots vàlids,
tots diversos, inmutables en cada gest,
amb subtils densitats
sense transparències.
A l'altra cara és ben nit

SABINA

Enigmàticament ens ho diu la lluna:
les manques del massa amor
soles s'atenuen.
Només el desamor
desmembra els espills
mancats de mirades.

JOSEP IGUAL

(Benicarló, 1.966)

Ten publicados tres volumes de poemas: *Treva d'hivern* (Edicions del Sarment, Baix Maestrat, 1.987), *35 poemes*, Prémio *Rois de Corella, Ciutat de València* (Amós Belinchón i Uberto Stabile, editors. València 1.988), *Lector d'esperes* (Edicions Columna, Barcelona, 1.990).

Dirixe o caderno de letras **Passadís**.

JOSEP IGUAL

Encén aqueixa mar
perquè el somni s'acofla.

No aixeques
colomes a la nit, les colomes els palmells
profunds que t'han netejat el dubtes, ella,
tot ho ajaça sota el mantell, esperançada
en la font que brolla del pixell
d'ànimes dorments.

Encén aqueixa mar
perquè el somni s'acofla.

No sempre
enganyes la fera amb el foc diàfan
de paraules impossibles, el fanal
del vianant broda els clars limits
de la cova ampla de qui vetlla a l'hivern.

Encén aqueixa mar
perquè el somni s'acofla.

Ara,
embolcallaré la nau
que em preserva un retorn
enmig del fullam marcit del vespre.

Encén aqueixa mar
perquè el somni s'acofla.

(de 35 poemes)

LA SET

Tots els mobles ordenats en la set,
el pes malvat dels espectres
escorcolant els calaixos de la casa

Abismat en el neguit de la tempesta,
engarjolat en l'espera feixuga,
provant d'esgallar mots amb els mots,
ordenant les meves morts en l'aire net.


Tots els signes flotant en la taula,
el peix argentat del dia nou que
s'esmuny de les mans del temps,
la set, els mobles famolencs, presagiant
la tempesta d'espectres, enfollits,
que escorcolen les butxaques de l'ànima,
resseca, amagada pels calaixos de la
casa.

(De **Lector d'esperes**)PORT

PORTUGAL

JOSÉ VIALE MOUTINHO

Escritor, nos últimos tempos publicou *Piano bar* (poemas. Ed. Caminho, Lisboa, 1.986; *Máscaras venezianas* (poemas, Cadernos da Rua Escura, Porto, 1.987); *A Torre de Menagem* (novela, Coop. Árvore, Porto, 1.988); *Romanceiro da Terra Morta* (novelas, ed. Caminho, Lisboa, 1.988); *Arqueología da Terra Prometida* (contos, Euroclube do Livro, Lisboa, 1.989) e *Retrato de Braços Cruzados* (poemas, ed. Caminho, Lisboa, 1.989). Obras suas foram entretanto traduzidas em russo, búlgaro, italiano, asturiano, húngaro, catalão e castelhano (*En el País de las Lágrimas*, Xerais, 1.988).

A large, stylized handwritten signature in black ink, likely reading 'José Viale Moutinho', spanning across the middle of the page.

O SOL AMARGO

Não nos conhecemos nem o sol assim
se passa para as nossas mãos abertas
quem aguarda o sal de umas palavras
olhando o recanto coberto de sombras

entre as colunas se dispõe a espera
como se nova tempestade se acabasse
dizeres carregados de sentido e luz
fingindo dizer seu nome ao arvoredo

não sei outro caminho dentro da cerca
essa porta alguém a fechou e pintou
por dentro para que o fogo soltasse
suas línguas e os olhos se perdessem

eis-me possivelmente perdido e negro
os sentidos contrariados como nuvens
nos papeis que trazem nascem os dedos
que tocam o rosto de todas as coisas.

CERIMONIAIS

acabaram-se-me os dias desta semana
de jogos tão morosos e distanciados
no campo onde non medimos com vagar
como se a paz nos doesse adormecida

escutas a música num cântico perdido
saído da arca onde guardo as letras
são medos os tecidos de quantos somos
os proprios nervos do sangue coágulos

aonde haverá um nome próprio para ti
nessa mesa abandonada entre as folhas
apenas no castelo de terra por serpa
como se na amargura não houvesse
preço.

RUI DUARTE MANGAS

(Rossas, Vieira do Minho, 1.962)

Estudante de Direito na Universidade de Coimbra, obteve em 1.987 o *Prémio de Poesia A Literatura na Universidade*, com o livro *A estação dos musgos. Linhos mortos*, é a sua última entrega.

Rui Duarte Mangas

CAMINHO DE SANTIAGO

1

Atravesso o rio Minho,
o aceno das árvores nos olhos

Esqueço que estou em outra terra
é o vinho que me devolve
os gestos antigos,
o ritual dos que se encontram
com as mesmas palavras
escondidas nos bolsos

2

Palavras antigas como o aroma
das maçãs no Inverno

nossas, dos peregrinos ateus
que caminham devagar

3

Um sussurro verde
e longínquo

regresso a Salvaterra

DEZ VOCES PARA UNHA DÉCADA

O verso vibrante no ar, rebotado ao mundo polo granito vello da arquitectura austera do Conda-do, atopou acougo e socorro na hospitalidade amorosa do libro. Afortunado ou non -refírome ao ariteseto físico e á ineludibel manipulación mecánica na transcripción da expresión do espírito que é o verso-, ese corpo de papel que ven hospedando ano a ano a plus valia dos poetas, foi engalanado con prólogos e presentacións que no seu percorrido tracexan o diagnóstico e a evolución da saúde cultural do conxunto da nación.

Deses prólogos e daquelas presentacións, o texto a seguintes, no que, por suposto, non está exenta certa carga -necesária- de subxectividade.

*"O Festival da Poesía, tenta de ser o xérmolo do xunguimento, dunha nova perspectiva, no que o factor común seña a unidade solidaria diante da agresión cotián (*1). Se non for así, é que non é poesía, é que non é nada, porque o fundamental, o eterno, o que sempre fai que teimemos unha e outra vez, ten de estar na oposición, na loita (*2). Manuel Antonio, secuestrado, olla desde o paquebote como imos ficando un chisco acompañados cando nos xuntamos para reclamar -berrando- a devolución do que nos ten sido ilexítimamente ocupado (*3).*

*Non sei se vos decatades de que a poesía galega é o único territorio de Galicia que acadou a independencia. A poesía galega é territorio liberado (*4). Voces distintas, moi diferentes, que así é o país. Voces coñecidas, as máis delas, que non precisan de presentacións, e voces novas algunhas, que veñen todas no mesmo ramo de fraternidade. Voces rexas, bariles, saudosas, desacougadas... (*5); ...e por moi ruín que veña o tempo, sempre será tempo de dicir independencia, nós, terra ceibe, amor, lecer, liberdade, humor e fora os lixos do imperio do Miño, que é noso. É o privilexio da poesía, así governe a lírica ou a raposa gringa como ben vedes (*6).*

*E é que non hai arma máis razoabel e incruentamente poderosa que un libro (*7).*

*Eu quixera que a Festa da Poesía fora xa un símbolo tal e como se ían conformando os símbolos: con vencello afectivo, no mesmo significado histórico-concreto, soerguendo acción e degoiro, como é degoiro e máis acción a solidariedade creativa (*8). Visitamonos, bebemos o vinho dos vivos,*

*damos na mesa as punhadas duras devidas a nossa raiva. Somos os que escrevem -e como eles temem a nossa escrita! (*9).*

*Tamén somos ben tolos, xuntármonos ano tras ano en informal congreso de palabras que leva o vento... (*10)*

E isto ven ser, con rigorosa literalidade para as citas que compoñen o texto, a visión escolmada e sen guión previo do que ano tras ano inspirou a celebración do **Festival da Poesia no Condado**, asumindo, como non podía ser menos, a responsabilidade por todos os vicios en que puiden -e tal vez quixen- incurrir, ao exercer nesta función, como xuíz e parte.

Chamadas:

- (*1) **S.C.D. Condado**, 1981 (1º Festival), da Presentación.
- (*2) **Xosé Ramón Pena**, 1.982 (2º Festival), do Prólogo.
- (*3) **António Mascato**, 1.987 (7º Festival), da Presentación.
- (*4) **Xosé Luís Méndez Ferrín**, 1.984 (4º Festival), do Prólogo.
- (*5) **Víctor F. Freixanes**, 1.983 (3º Festival), do Prólogo.
- (*6) **Gustavo Luca de Tena**, 1.985 (5º Festival), do Prólogo.
- (*7) **X.A. Suárez**, 1.986 (6º Festival), do Prólogo.
- (*8) **José Viale Moutinho**, 1.987 (7º Festival), do Prólogo.
- (*9) **Margarita Ledo Andión**, 1.988 (8º Festival), do Prólogo,
- (*10) **Darío Xohán Cabana**, 1.989 (9º Festival), do Prólogo.

X.A. Suárez.

Expresamos o noso máis fundo agradecimiento a
Asociación de Escritores en Lingua Catalana
Asociación de Escritores Bascos
Asociación de Xornalistas e Homes de Letras do Porto
Asociación de Escritores de Lingua Galega
sen cuxa colaboración non sería posíbel ofertar esta mostra poética.

Galiza, outono de 1990.